

ESCOLMA DE POEMAS

PARA

○ 25 DE NOVIEMBRE ○

SALVA-CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



2022

## QUITA A MÁSCARA

Quita pouco a pouco,  
a máscara do pasado,  
na que o encubrías.

Abre os ollos ao mar,  
Deixa que te vexan como es.  
Non te enganes, nin o enganes,  
Fai que saia do seu agocho privado,  
Onde se fai o valente,  
Cando está contigo a soas  
Non te enganes, iso non é amor.

Sube aos teus tacóns perfectos,  
Despeitáte como ti eras,  
Abre os teus ollos verdes...  
E vive...

<https://www.elamanecerdelapoesia.com/t21713-quitate-la-mascara>

Rocío Cáceres

## MAN QUE NON SERVES DE NADA

Man capaz de asasinar,  
agora estás apartada  
ben dentro do cárcere  
que nos protexe do teu mal.

Man capaz de pegar,  
agora detente a protesta  
e o berro en boca de todos.

Man que serves de nada,  
agora non hai pratos rotos  
e só destilo dignidade.



## ERRO

Cres que sabes mandar.

Porque obedezos.

Cres que sabes amar,

Porque te quero.

Sénteste protector porque sumisa

resgado en ti o meu corpo.

E cres que es o vencedor dunha batalla

que é só a ilusión do pensamento.

Cando saibas mandar ó orgulloso.

Cando saibas querer a quen te odia.

Cando gardes ó forte as espaldas.

Entón será túa a vitoria

<http://lamiradaactual.blogspot.com/2014/12/carmen-silva-poeta-invitada-de-la.html>

# CONFESIÓNS

Eu confeso ante Deus todopoderoso  
e ante vós irmán que pequei  
moito de pensamento, ao imaxinar  
que o meu corpo era unha soga e que con  
el, xogaba ao aforcado, pero  
sempre faltaba unha letra  
e íame salvando por casualidade.

De palabra, ao falar de cultura,  
de boas intencións, de perdón que non de pendón,  
de sentirme muller e reivindicar os meus dereitos,  
de dicir amor e non si meu amo  
e de non escarvar na cama a miña tumba.

Confeso que pequei de omisión  
por non chamar ao 016, nin ó 091  
por non chamar a ninguén, para qué,  
non serviría nin chamar a Deus  
a liña sempre comunica.

Pola miña culpa, pola túa culpa, pola súa gran culpa

Por iso, rogo ante a xustiza sempre cega,

ós xuíces , ós gobernantes e a vós  
que non se frivolice máis na tele,  
menos anuncios e máis leis e que intercedades  
por min ante o Deus da palabra e da poesía.

Como o excomuñón téñoa asegurada.


Tede misericordia de min, perdoade o meu pecado  
e desexádeme unha vida plena e sen anuncios  
de famosos que non saben o que fan.

Así sexa

<https://www.elamanecerdelapoesia.com/t21687-confesiones>

María Luisa Viu

## Polifonías. Voces poéticas contra a violencia de xénero



### NON É AMOR

Por que, nos contos que gardabas, eu era a devorada,  
por que, na imaxe do amor puro, a moza estaba morta,  
por que, no mito que teciches, urdiches o abandono,  
por que, no afán de posuírme, cegaches os meus ollos.

Mírame agora que son silencio, eternidade,  
mira o meu corpo branco, case azul na quietude,  
son Ofelia de novo aboiando nas augas,  
arrastrada na historia dun mundo á túa imaxe.

Ofelia case azul, xa para sempre muda,  
inmóbil perfección de obxecto posuído.

**Poema: “Non é amor”, de Marta Dacosta, incluído no libro “Polifonías”**

## INVERNAR NA ESTACIÓN DO MEDO


Camiñar polos corredores de puntillas.  
Perder a voz, o sorriso, a elocuencia;  
as ganas de pintar os beizos  
e desafiar a túa mirada fronte o espello.

Temes as portas sen pechos e  
o seu alento na caluga;  
os silencios que preceden  
a ira desatada;  
os seus beizos finos e apretados  
antes de sentir garras nos teus pulsos  
mentres murmura:  
Por que me fas isto?  
Despois,  
a humillación, o golpe,  
o chan frío na meixela  
a roupa arrancada,  
a desnudez da alma,  
os choros esgotados na sequía.

<https://omnivoraz.com/es/poesia/poema-julia-navas-moreno-hibernar-en-la-estacion-del-miedo/>

UN POEMA DE JULIA NAVAS MORENO.

ILUSTRACIÓN: MARÍA VALIÑAS.





## DECLARACIÓN DE INDEPENDENCIA

Nin con toda a maxia de Harry Potter,  
nin con todo encanto de Justin Bieber,  
conseguirás que lle siga outra vez o xogo  
a un pibe que só bota cuspe pola boca  
Porque xa non creo nas reverencias  
dos príncipes que xa non lavan a lingua.  
Porque só confío nos labios dos cegos,  
nas palabras que non mancan por dentro.

Penúltimas tendencias. Carlos Negro

## 5 RAZÓNS POLAS QUE CORTARÍA CONTIGO

Se me fechas portas que non existen.

Se me envolves en papel de agasallo.

Se me tocas como un mando a distancia.

Se me negas moito máis de tres veces

Se me dis que son o aire que respiras.

Penúltimas tendencias. Carlos Negro

## SECCIÓN DE CONXELADOS

Cando dis amor métome no frigorífico.

A carón do peixe e a masa de pizzas.

Xusto debaixo das croquetas do domingo.

A ver se así, en frío, comprendes de unha vez

o significado de respectar as distancias,

a negación que tramite un NON nos meus labio:

rotunda como un stop ou un semáforo en vermello.

Penúltimas tendencias. Carlos Negro